

Actitis hypoleucos L.

	Bilurico das rochas
	Andarríos chico
	Kiluska txikia
	Xivitona
	Common sandpiper
	Maçarico-das-rochas



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	40-80 g
Lonxitude	18-20,5 cm
Envergadura	32-35 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Charadriiformes	Scolopacidae	Actitis

ALIMENTACIÓN

Invertebrados, fundamentalmente insectos tanto terrestres coma voadores.

COMPORTAMENTO

O cortexo ten lugar no aire, con voos de exhibición acompañados de cantos fortes, sendo especialmente violentas as rifas entre os machos. Os lazos de parella afiázanse construíndo conxuntamente múltiples buratos no chan dos que a femia despois escollerá o definitivo para construír o niño, o cal fará preto da auga, consistindo nunha depresión tapizada con materia vexetal e pedras.

REPRODUCCIÓN

Posta a finais de abril, principios de maio. Unha posta ao ano, de 4 ovos de cor crema con motas e estrías pardas. Ambos sexos os incuban durante 3 semanas, e unha vez nacen os polos desenvólvense en 26-28 días abandonando o niño ás poucas horas de nacer (4 horas, aproximadamente)

HÁBITAT

Ríos, regatos e embalses, onde ocupa enseadas, bancos de area e acumulacións de grava. En migración pode aparecer tamén en estuarios, marismas e areas rochosas.

DISTRIBUCIÓN

Esténdese por grande parte de Eurasia, aínda que cara o sur cada vez se fragmenta máis a súa distribución. Parte da poboación migra e inverte no sur de Europa, Asia meridional, África e Oceanía.

CURIOSIDADES

Para alonxar aos intrusos do niño, fínxense feridos. Dise que poden chegar a coller coas patas aos polos para protexelos .